

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119



Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O 01/03/2017 a Secretaría emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para súa elevación ao Pleno do Concello (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

O 03/03/2017 cesou o interventor municipal para incorporarse ao seu novo destino.

O 06/03/2017 os portavoces dos distintos partidos políticos con representación municipal apoiaron a proposta do equipo de goberno de trasladar a data do pleno ordinario do 09/03/2017 ao 15/03/2017 para os efectos de facilitar a presenza da nova interventora na sesión plenaria na que está previsto aprobar definitivamente os orzamentos municipais para o exercicio de 2017.

Os artigos 78, 79 e 80 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, atribúen ao alcalde a competencia para convocar as sesións dos órganos colexiados e fixar a súa orde do día.

Visto canto antecede RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o mércores 15 de marzo ás 20:00 horas a 1ª convocatoria (e, á mesma hora, dous días despois, a 2ª), no salón de plenos da Casa do Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/01/2017, Acta 2017/01
- 2 Aprobación definitiva dos Orzamentos municipais para o exercicio 2017
- 3 Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a mellora do acceso das emerxencias aos recintos públicos (RE 13905 do 22/12/2016)
- 4 Moción de Iniciativa Ciudadana por Boiro sobre a restauración do Pazo de Goiáns (RE 14174 do 30/12/2016)
- 5 Moción de Boiro Novo – Son sobre o apoio ás persoas afectadas polas cláusulas chan das hipotecas (RE 56 do 03/01/2017)

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119



Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

6 Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre (en contra) a exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto Lei 6/2012, petición da súa derogación e restitución do acceso universal ao sistema sanitario (RE 201 do 10/01/2016)

7 Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (RE 342 do 13/01/2017)

8 Moción do Partido Obreiro Español, Partido Socialista de Galicia sobre a construción de beirarrúas no lugar de Espiñeira (RE 362 do 13/01/2017)

9 Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos (RE462 do 17/01/2017)

10 Moción do grupo municipal de Ciudadanos/Grupo mixto (nº 983 de entrada do 02/02/2017) sobre corresponsabilidade parental e relacións familiares no cese da convivencia.

11 Moción do grupo municipal do BNG (nº de entrada 1299 do 10/02/2017) relativa a medidas de seguridade na zona de Cimadevila

12 Moción do grupo municipal de BNG (nº 1.300 de entrada do 10/02/2017) relativa á demanda dun novo sistema de concerto para financiar servizos públicos básicos en Galicia.

13 Moción do grupo municipal do BNG (nº 1.371 de entrada do 13/02/2017) relativa ós danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

14 Moción do grupo municipal do PP (nº 1.456 de entrada do 14/02/2017) para que o goberno da Deputación da Coruña garanta que o Concello de Boiro percibirá, como mínimo, a través do novo plan único, os mesmos fondos que recibía coas aliñas de subvención que existían con anterioridade.

15 Moción do grupo municipal do PP (nº 1.781 de entrada do 23/02/2017) relativa á promoción dun pacto pola conciliación e a corresponsabilidade no ámbito da vida laboral, familiar e persoal nos concellos galegos.

II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

16 Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119



Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

17 Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos ao 4º trimestre do 2016

18 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ao 4º trimestre do 2016

19 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de remisión da información trimestral sobre o período medio de pago a provedores establecido na Lei de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, referido ao 4º trimestre do 2016

20 Toma de coñecemento dos datos de execución do orzamento correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2016 do Concello de Boiro

21 Mocións de urxencia

22 Rogos e preguntas

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

Boiro, na data que se indica ao marxe, na sinatura dixital.

Don JUAN JOSE DIESTE ORTIGUEIRA, alcalde do Concello de Boiro.

Don DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ, secretario municipal do Concello de Boiro.